

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 11 DE AGOSTO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO INTERINO POLO PROCEDIMENTO ORDINARIO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA (1) PRAZA DE CATEGORÍA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (GRUPO A) (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA DO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).**

**EXPEDIENTE: 1148/2023.**

En data 11 de agosto de 2023 e sendo as 09:30 horas, reúnese de maneira presencial, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Técnico da Administración Xeral, pertencente ao subgrupo A1, como funcionario/a interino/a co que levar a execución do programa temporal denominado “Proxecto Axenda Urbán Lalín 2030: Área Económico- Financeira” do Concello de Lalín baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia dos vogais: Dona Susana Pereiro Pájaro, Don Francisco Guerra García e Don Antonio Santos Guerra ; actuando como Secretario, Don Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quórum.

**1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.**

Na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 4 de abril do 2023 aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento interino polo procedemento ordinario mediante oposición libre de unha (1) praza de técnico da administración xeral, subgrupo A1, escala de administración xeral, que permita o nomeamento interino co que levar a execución do programa temporal denominado “Proxecto Axenda Urbán Lalín 2030: Área Económico- Financeira” do Concello de Lalín.

Asemade, e en virtude do Decreto da Alcaldía do Concello de Lalín de data 03 de agosto do 2023, procedeuse a aprobación da listaxe provisional, ao non existir ningún tipo de alegación, como ben se indicou na base oitava do mencionado proceso esta elevouse a definitiva, nesta listaxe convócase a tódolos membros do tribunal e aos aspirantes admitidos para a realización da proba da fase de oposición .

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador do presente proceso selectivo, enténdese necesario ter unha reunión previa e co gallo de poder organizar a elaboración do exercicio que da fase de oposición.



## 2.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo coa base Décima das que regulan o proceso selectivo en cuestión, a fase de oposición consta na realización dun exame tipo test de 100 preguntas (máis 10 cuestións adicionais de reserva, para o caso de posibles impugnacións ou reclamacións) con catro respostas alternativas e das cales só unha é correcta.

A proposta do Presidente do Tribunal e trala conversa mantida polos distintos membros do Tribunal o pasado luns día 7 de agosto, na que se acordou o reparto dos temas que compoñen o temario das bases (Anexo I), cada membro achega 30 preguntas proporcionadas ao número de materias que compoñen o mesmo. Procédese á elaboración da proba seleccionando as 100 preguntas máis 10 de reserva, que se consideran máis axeitadas para esta proba.

## 3.- IMPRESIÓN DO EXAME.

Unha vez elaborada e comprobada visualmente a proba procédese á impresión da mesma, có número de copias necesario, sin perder en ningún momento o contacto visual das mesmas por parte dos membros do Tribunal.

## 4.- ANONIMATO DOS ASPIRANTES.

Acórdase establecer un sistema de códigos aleatorios có fin de garantir o anonimato das persoas aspirantes.

5.- Acto seguido, os membros do Tribunal diríxense ás instalacións municipais para a celebración de proba, sendo ás 09.45 h.

## 6.- REALIZACIÓN DA PROBA

Ás 10.15 h comenza a realización da primeira proba tipo test do proceso selectivo, tendo unha duración de 120 minutos e rematando, polo tanto, ás 12.15 h.

Dos 12 aspirantes admitidos, só se presentaron 5.

## 7.- CORRECCIÓN DA PROBA

Con posterioridade á finalización da primeira proba tipo test, os membros do tribunal proceden á corrección da mesma.



As **puntuacións provisionais** acadadas polos aspirantes, por orden decrecente, son as seguintes:

Número de código	Puntuación
pfiRze	15,40
VoTXRs	9,50
f5EU9r	7,90
rCdCJo	7,00
dNsUvN	2,60

En relación con dita proba, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas no prazo de **cinco días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte á publicación desta Acta na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín.

#### 8- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 14:45 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

